

Reunido o Tribunal do proceso selectivo convocado por resolución reitoral do 25 de abril de 2023, (DOG 09.05.2023) para cubrir 8 prazas da categoría profesional de técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións, grupo I, pola quenda de promoción interna, para dar cumprimento ao indicado no Anexo I da convocatoria:

ACORDA:

PRIMEIRO: Facer públicos os seguintes **CRITERIOS DE CORRECCIÓN** do segundo exercicio:

*“ Segundo exercicio: **obligatorio e non eliminatorio**. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 120 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao programa que se relaciona no anexo II .*

O tempo para a realización deste exercicio será de 125 minutos e a súa valoración de 0 a 25 puntos”

O Tribunal acordou que as preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinala máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respostas que estea en poder do Tribunal, non computan.

As respostas incorrectas non computarán negativamente.

Consonte coa base 7.2 da convocatoria, as persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización de cada exercicio, para presentar reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal.

SEGUNDO: Establecer que as preguntas de reserva, numeradas da 121 á 125, entrarán por orde a substituír á aquelas que se anulen en base a estimación das posibles reclamacións presentadas.

TERCEIRO: Facer públicos os seguintes aspectos organizativos:

- O chamamento das persoas aspirantes comezará **ás 10:00 horas do día 24 de xullo de 2025, diante da aula 8 da Facultade de Matemáticas**, Santiago de Compostela.
- As persoas aspirantes deberán vir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal.
- As persoas aspirantes deberán vir provistas de lapis número 2 e goma de borrar.
- A hora de inicio e remate do exame indicárase polo Tribunal
- As persoas aspirantes teñen a obriga de entregar a folla de respostas do exame.
- O Tribunal resolverá as dúbidas que poidan plantexar as persoas aspirantes durante a celebración do exercicio.

CUARTO: Establecer que serán causas de exclusión do proceso selectivo:

- A non comparecencia ao chamamento.
- A utilización de teléfonos móbiles, axendas, reloxos intelixentes ou calquera outro dispositivo electrónico. Non se dispón de servizo de recollida ou depósito deste material.
- Abrir o sobre que contén o cuestionario ou comezar a realización do exercicio antes de que o autorice o Tribunal, así como continuar escribindo unha vez se indique o remate do tempo de exame.
- Falar, copiar ou intercambiar información co exterior.
- Consignar nas follas de respostas o nome, trazos, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade da persoa aspirante.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica.

O presidente do Tribunal

José Manuel Velo García

Taboleiro Electrónico da USC

Páxina web da Subárea de Planificación de PTXAS

Lugar de realización do exercicio

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE MANUEL VELO GARCIA, NIF ***7178**, 16/07/2025 10:30:41.

CSV: 03B1-6F6D-4960-9044